

CRUCEIROS E CRUCES DO CONCELLO DE BECERREÁ (LUGO)

**AUTORES: JOSÉ MANUEL BLANCO PRADO
MANUEL MUÑIZ BESTEIRO**

***ACTAS DO IX CONGRESO GALEGO DE CRUCEIROS. MUSEO PROVINCIAL DO MAR
DE SAN CIBRAO (CERVO) (LUGO). 2017.***

Damos as grazas as seguintes persoas polas informacións recadadas na elaboración do presente traballo.

Anxo Eiriz Mouriz. Socorro Vega. José María Álvarez. Javier Rodríguez Picado. María Rodríguez Montaña. Carmen Neira López. Manuel López Pérez. Celestino Rodríguez Raimundez. Gonzalo García Vázquez. Antonio Figueroa Paz. Edmundo Fernández.

I. TRAZOS XEOGRÁFICOS E HISTÓRICOS DO CONCELLO DE BECERREÁ.

O concello de Becerreá forma parte da comarca dos Ancares, que aglutina aos concellos de Baralla, Cervantes, Navia de Suarna, As Nogais, Pedrafita do Cebreiro. Este concello ocupa unha extensión de 173,3 km² e posúe, segundo o I.G.E. (Instituto Galego de Estatística) do ano 2016, unha poboación de 2921 habitantes distribuída en 26 parroquias¹.

Os eixos de comunicación máis importantes son a Autovía do Nw., ou A-6, A Coruña – Madrid e a estrada N-VI, Madrid – A Coruña, que percorre o municipio, atravesando de Leste a W. Ámbalas dúas danlle unha importante accesibilidade á capital provincial, Lugo, distante uns 42 km. Nun nivel inferior cómpre distinguir a estrada comarcal C-535, que une Sarria con Becerreá e a estrada local LU-722, que comunica Becerreá con Navia de Suarna e Cervantes.

A nivel xeomorfolóxico podemos sinalar tres unidades de relevo: por unha banda, un grupo de montañas, que sobrepasan os mil metros (Pena do Pico, 1182 metros), situadas no linde occidental; por outra, as fondas depresións erosionadas polo río Navia; finalmente, entre ámbalas dúas xorden elevacións de leve topografía.

A nivel demográfico o trazo máis relevante ao longo do século XX foi o descenso continuado da poboación moi cercano ao 60% ². As causas deste descenso continuado a poboación radican no forte éxodo rural e na emigración, que foron acentuando o proceso de avellantamento demográfico.

Con respecto a actividade económica os dous piares sobre os que xira a economía familiar son a explotación forestal e as explotacións relacionadas con gando bovino mais nunha orientación láctea. A industria está ligada ao sector agropecuario e así queda reflectida nos serradoiros e nas fábricas de pensos³. En canto ao sector servizos, a vila de

¹ Agüeira (San Xoán), Armesto (San Román), Becerreá (San Xoán), Cadoalla (San Pedro), Cascallá (Santa María), O Cereixal (San Xosé), Cruzul (San Martiño), Ferreiros de balboa (Santa María), Fontarón (Sancti Spiritus), Furco (San Xoán), Guilfrei (Santa Eulalia), Guillén (San Pedro), Liber (San Remixio), Morcelle (San Xulián), Ouselle (San Cosme), Ousón (Santo Adrao), Pando (San Xoán), Penamaior (Santa María de San Lourenzo), Quintá da Cancelada (Santa Eulalia), Sevane (San Xoán), Tortes (San Pedro), Veiga (Santa Mariña), Vilachá (San Pedro), Vilaiz (Santiago), Vilamane (Santa María), Vilouta (Santa Mariña).

² EQUIPO “IR INDO”.: *Galicia en Comarcas. Os Ancares e O Courel*, Vigo: Ed. Ir Indo, páx. 98.

³ ÁLVAREZ CAO, Charo.: “Becerreá”, en *Galicia, pueblo a pueblo*. A Voz de Galicia. A Coruña, 1993, páxs. 145-149.

Becerreá conta con diferentes servizos públicos, e constitúe o principal lugar de abastacemento comercial para os habitantes dos concellos da comarca dos Ancares.

A nivel histórico hai fontes que sitúan en Becerreá ao pobo preromano dos Zoelas, que tiña a súa capital na actual Oselle. En época romana pasaba por este municipio a vía, que ía dende Lugo a Astorga, o que lle deu unha gran sona ao ser un relevante centro de comunicación. Desta vía consérvanse na actualidade importantes pegadas. Da etapa medieval é mester facer mención ao mosteiro de Santa María de Penamaior que malia que hai documentos, que mencionan a súa fundación no século XII, porén a visión máis obxectiva xa o data moito antes. No século XIX, cómpre salientar varios feitos: dunha parte, os enfrontamentos acaecidos a principios deste século entre a poboación local e o exército invasor francés; doutra, a creación no ano 1835 dos concellos de Cancelada, Doncos, As Nogais, Ouselle, Penamaior, Somoza de Vilouzán, Neira de Rei e Triacastela no partido xudicial das Nogais. Non obstante anos despois – 1840- a Xunta Provisional de Goberno da provincia de Lugo acordou a formación do concello de Becerreá outorgándolle a cabeceira do partido xudicial ⁴.


II. OS CRUCEIROS E CRUCES DO CONCELLO DE BECERREÁ.

Castelao dicía que detrás de cada cruceiro hai unha historia, que pode ser de desgraza, de ofrecemento, de devoción, de contacto coas ánimas, de enterramento, de penitencia. Mais unha historia que deu orixe a esa obra, que xunto con outras moitas espalladas por toda a xeografía do país, conforma unha das manifestacións máis importantes da nosa arte popular ⁵.

Dende unha óptica histórica cómpre facer mención a que, aínda que xa había algúns cruceiros denantes do século XVI, porén foi o ambiente relixioso creado a partir contrarreforma o que posibilitou o seu desenvolvemento. Así os bispos posteriores ao Concilio de Trento impulsaron e fomentaron o seu desenvolvemento por medio das constitucións sinodais, como as do bispado de Ourense de 1622 e as do bispado de Lugo de 1675.


⁴ EQUIPO “IR INDO”.: *Galicia en Comarcas. Os Ancares e O Courel*, Vigo: Ed. Ir Indo, páx. 100.

⁵ RODRÍGUEZ CASTELAO, A.: *As cruces de pedra na Galiza*, Madrid: Akal, 1975 (Ed. Facsimil).



LOCALIZACIÓN XEOGRÁFICA DOS CRUCEIROS E CRUCES DO CONCELLO DE BECERREÁ

ORDE	PARROQUIA
1	Agüeira
2	Armesto
3	Becerreá
4	Cadoalla
5	Cascallá
6	O Cereixal
7	Cruzul
8	Ferreiros de Valboa
9	Fontarón
10	Furco
11	Guilfrei
12	Gullén
13	Liber
14	Morcelle
15	Ouselle
16	Ousón
17	Pando
18	Penamaior
19	Quintá de Cancelada
20	Sevane
21	Tortes
22	Vilachá
23	Vilaiz
24	Vilamane
25	Vilouta



SÍMBOLOS DOS CRUCEIROS E CRUCES

-  CRUCEIROS
-  CRUCES MISIONARIAS
-  CRUCES DE IGREXA E CAPELA
-  CRUCES ORDINARIAS
-  VIACRUCIS E RESTOS
-  CRUCES DESAPARECIDAS

PARROQUIAS:

1. AGÜEIRA, SAN XOÁN.

1.1. CRUCES MISIONAIS.

COORDENADAS U.T.M. X= 653.655 Y= 4.744.003

Trátase de dúas cruces misionais de madeira, de estrutura latina, e de sección cuadrangular – agás os seus remates- que se encontran no interior da igrexa parroquial, pegadas ao muro lateral dereito. **(FOTO Nº 1)**

Seguindo unha orde ascendente, a primeira, que é a máis chamativa polo seu traballo e pola maior cantidade de elementos que leva, foi restaurada no mes de setembro do ano 2016 polo fregués **Pedro Doval Río**. Os extremos de ámbolos dous brazos están formados en cadanseu lado por unha moldura cóncava – caveto- sobre a que se superpoñen dúas pequenas molduras convexas, rematando nun pequeno arco apuntado. Así mesmo os ángulos existentes na intersección de ambos os dous brazos, amosan unha ornamentación xeométrica, estrelada, que remata en formas puntiagudas. En canto ás inscricións e ornatos tanto do brazo transversal como do lonxitudinal son moi variados, amosándose a orde relixiosa, que celebrou a misión; a data; e, tamén, diversos elementos relacionados coa paixón de Cristo. Así na parte superior do brazo lonxitudinal aparece a inscrición – **inri-** . Ao longo do brazo transversal maniféstase a inscrición **SANTA** no brazo dereito; e **MISIÓN** no brazo esquerdo; ámbas as dúas dun xeito horizontal. Na parte media do brazo lonxitudinal maniféstase a inscrición **P.P. Redentoristas**, dun xeito ovalado. Na parte inferior do brazo lonxitudinal amósase a inscrición **1 / Octubre / 1940** dunha maneira horizontal e superposta. En canto aos ornatos de que vai provista distinguimos nos seus brazos os seguintes instrumentos da paixón: **unhas tenaces**, no remate do brazo transversal dereito; **un martelo**, no remate do brazo transversal esquerdo; **unha coroa de espiñas cun corazón no seu interior**, que serve de sostén a **unha esponxa**, que amosa un símbolo cruciforme no medio, na intersección dos brazos lonxitudinal e transversal; **tres cravos**, na parte superior do brazo lonxitudinal; **unha hostia cunha cruz no seu interior e un cáliz** por baixo da hostia na parte media do brazo lonxitudinal.

A segunda, tamén de madeira e de estrutura latina, amosa nos extremos de ámbolos dous brazos unha pequena superficie paralelepípeda coas arestas superiores e inferiores rebaixadas, que serve de sostén a unha moldura convexa –bocel-. Ao igual que na

primeira cruz os ángulos existentes na intersección de ámbolos dous brazos, amosan unha ornamentación xeométrica, estrelada, que remata en formas puntiagudas. Con respecto ás inscricións, maniféstanse tanto no brazo transversal como no lonxitudinal. Así, o brazo transversal dereito, amosa a inscrición **SANTA**; o brazo transversal esquerdo, **MISÓN**. A parte media do brazo lonxitudinal, mostra a inscrición **P.P.**, dun xeito horizontal, e **JESUITAS**, dunha maneira vertical. A parte superior do brazo lonxitudinal, manifesta a inscrición **INRI**; a parte inferior do brazo lonxitudinal, a inscrición referida a data **AÑO / 1960**, en vertical e superpostos. **(FOTO Nº 2)**

1.2. CRUCEIROS DE HORTA.

1.2.1. CRUCEIRO DA PRAZA DE HORTA.

COORDENADAS U.T.M. X= 653.087 Y= 4.744.897

Está situado moi preto da capela do San Bieito, construída no ano 1710 e con culto ata hai uns anos. O cruceiro ten unha orientación Nw – Se- . É de propiedade privada, pertencendo a “Casa grande de Horta”. O seu propietario actual é Edmundo Fernández.

Está manifestación artística está composta de cinco corpos: unha plataforma, unha base, un fuste, un capitel e unha cruz.

A plataforma, granítica, é de estrutura troncopiramidal e consta de tres chanzos superpostos e de diferente extensión.

A base é monolítica e está formada por dous tramos: o inferior, de estrutura cúbica, que mostra nas súas caras acanaladuras cuadrangulares e molduradas – a xeito de cuartos cavetos invertidos-; o superior, de estrutura troncopiramidal. **(FOTO Nº 3)**

O fuste, monolítico e prismático, e de sección cuadrangular nos extremos e oitavado no resto. A parte superior amosa “un colariño”, que é unha moldura anular existente ás veces entre o fuste e o capitel.

O capitel consta de dous tramos: o inferior, formado por unha moldura cóncava – cuarto caveto – decorada con enfeites vexetais e xeométricos. ; e o superior, formado por un ábaco e un equino. **(FOTO Nº 4)**

A cruz, de estrutura latina, amosa unha sección cilíndrica. No anverso e baixo unha cartela, na que se lee a inscrición **INRI**, amósase unha efixie de Cristo, que presenta os seguintes trazos: con coroa de espiñas; coa cabeza inclinada ao lado esquerdo; cos brazos en forma de V; con longo cabelo; coas costelas resaltadas coas mans pechadas; co perizoma anoado ao lado dereito; coas pernas flexionadas e co pé dereito sobre o esquerdo

e ámbos os dous sobre un supedáneo. No reverso, manifestase a Virxe co neno, ao que sostén coa súa man esquerda; leva unha túnica e un manto, no que se aprecian os seus pregos moi resaltados; apóiase nun supedáneo de sección octogonal.

1.2.2. CRUCEIRO DO INTERIOR DO “PAZO DA HORTA” (EDMUNDO FERNÁNDEZ).

COORDENADAS U.T.M. X=653.114 Y=4.745.018.

Está situado no interior do “Pazo da Horta”, propiedade de *Edmundo Fernández*. Tanto este cruceiro como o anterior do mesmo propietario foron construídos a comezos do último terzo do século XX, por un obradoiro cercano a Santiago de Compostela e, situado na estrada Santiago-Noia.

Amosa unha orientación Ne – Sw. Esta expresión artística consta de cinco elementos: unha plataforma, unha base, un fuste, un capitel e unha cruz.

A plataforma, granítica, é de estrutura troncopiramidal e está composta de tres chanzos superpostos e de diferente extensión. **(FOTO Nº 5)**

A base é monolítica e está formada por dous tramos: o inferior, de estrutura cúbica, que mostra nas súas caras acanaladuras cuadrangulares molduradas – a xeito de cuartos cavetos invertidos-; o superior, de estrutura troncopiramidal.

O fuste é monolítico, de sección de superficie cuadrangular na parte inferior – equivalente a unha terceira parte do fuste- con acanaladuras cuadrangulares en cada unha das súas caras, que rematan en dúas molduras cóncavas (“escocias”), unidas entre si por unha liña. A parte media e superior é de sección oitavada coas arestas estriadas. O extremo superior do fuste acaba nun “colariño”, moldura anular, que separa o fuste do capitel.

O capitel de estrutura troncopiramidal invertida – con rebaixas nas súas arestas- amosa nos vértices superiores das arestas unhas volutas. En cada unha das caras mostra un rosetón floral, cun motivo diferente no seu interior; así, a cara do anverso, amosa un boi; a súa adxacente pola esquerda, unha aguia; a cara do reverso, un león; e finalmente a súa contigua, un anxo. Polo tanto, trátase dos símbolos dos catro evanxelistas. Seguindo nunha orde descendente, encontramos en cada cara e por baixo do rosetón floral unha decoración xeométrica triangular invertida con pequenas molduras convexas, que mostra no seu interior enfeites florais. **(FOTO Nº 6)**

A cruz, de estrutura latina, amosa acanaladuras en ámbos os dous brazos, que presentan nos seus extremos unha forma de cruz potenziada. No anverso, e baixo unha cartela na que figura INRI, imaxe de Cristo crucificado, que manifesta as seguintes peculiaridades: cabelos e costelas resaltados; cabeza, casi frontal, mais cunha leve inclinación de cara ao

lado dereito; cos brazos en forma de V; coas mans pechadas; co perizoma anoado ao lado esquerdo; coas pernas flexionadas; e co pé dereito sobre o esquerdo e ámbos os dous sobre un supedáneo. No reverso, maniféstase a imaxe da Piedade, que sostén con ámbos os dous brazos a imaxe de Cristo no momento do descendemento da cruz; leva unha túnica e un manto, no que se aprecian os seus pregos moi resaltados; apóiase nunha media lúa. A imaxe da Piedade, lembra as Piedade dos “ canteiros Carboeira” de Román (Vilalba), pola forma case oval e alongada que amosa o Cristo no regazo da súa nai.

2. ARMESTO, SAN ROMÁN

2.1. CRUZ MISIONAL.

COORDENADAS U.T.M. X=647.713 Y= 4.743.437

Na década dos 50, do século pasado, o cardenal **Darriba Castro** ligado coa parroquia de Penamaior, veu celebrar unha misión a esta comunidade parroquial. No interior do pórtico da igrexa hai unha cruz, pegada ao muro lateral dereito. Trátase dunha cruz de madeira, de estrutura latina, que remata nos extremos dos seus brazos nunha superposición de dúas estruturas: a inferior, troncopiramidal; e a superior, troncopiramidal invertida. **(FOTO Nº 7)**

3. BECERREÁ, SAN XOÁN DE

3.1. CRUZ DO CEMITERIO.

COORDENADAS U.T.M. X.: 650.402 Y.: 4.746.402

Por riba da porta, que dá acceso ao cemiterio hai unha cruz latina, de cachotería, que se levanta sobre unha estrutura alintelada. Consta dos seguintes elementos nunha orde ascendente:

Unha plataforma, de considerables proporcións, composta de dous chanzos paralelepípedos. Esta serve de soporte a unha base, formada por dúas pequenas pezas paralelepípedas superpostas, sobre a que se ergue unha cruz latina cuadrangular en ámbos os dous brazos. **(FOTO Nº 8)**

3.2. CRUCEIRO DO CEMITERIO.

COORDENADAS U.T.M. X.: 650.435 Y.: 4.746.378

ORIENTACIÓN.: NE – SW.

Esta manifestación artística, situada no interior do cemiterio, pertence á familia Rosón Pérez. Está composta das seguintes pezas nunha orde ascendente:

1ª. Unha plataforma de dous chanzos paralelepípedos e graníticos. No chanzo superior hai dous floreiros con flores artificiais, que ornamentan o monumento.

2ª. Unha base de dúas partes: a inferior, que amosa unha moldura en gola ou cima recta invertida; e a superior, que mostra os bordos superiores redondeados. Esta peza no seu conxunto presenta algúns deterioros. **(FOTO Nº 9)**

3ª. Un fuste de sección cuadrangular nos seus extremos e oitavado no resto.

4ª. Un capitel, que tende á unha forma troncopiramidal invertida, e que amosa a nivel decorativo dous niveis. O superior, formado por volutas e cunchas nas catro caras; estas ocupan o espacio situado entre as volutas. O inferior, amosa follas de acanto. A parte inferior do capitel presenta un bocel.

5ª. Unha cruz, de sección cuadrangular, que amosa nos extremos dos brazos⁶ unha decoración serrada⁷, que imita á existente nalgúns portadas góticas.

O anverso mostra unha efixie cristolóxica – deteriorada no seu conxunto- que presenta os seguintes trazos: a cabeza está inclinada ao lado dereito; os seus brazos maniféstanse extendidos ao longo da cruz e as súas mans están abertas; as pernas, lixeiramente flexionadas, presentan o pé dereito sobre o esquerdo. A ambos dous lados do Cristo hai dúas figuras de anxos, colocadas nas partes laterais da cruz; estas, ademais do seu relevante tamaño amosan as súas ás e cabelos moi resaltados. **(FOTO Nº 10)**

O reverso amosa unha efixie mariana da Piedade coa imaxe de Cristo no seu regazo logo de ser baixado da cruz. Este mostra unha relevante inclinación, pendurando a súa man dereita ata tocar a perna do mesmo lado. Este Cristo lémbra-nos a algúns, que adoitaba

⁶ Agás a inferior do brazo lonxitudinal.

⁷ En forma de serra.

utilizar o canteiro Manuel Seoane da dinastía dos Carboeira de Román (Vilalba). Baixo a Piedade está colocada a imaxe dun anxo coas súasas.

Ao carón do cruceiro hai unha tumba, que amosa a seguinte inscrición: **FAMILIA /ROSÓN PÉREZ /**. Está decorada con algúns ramos de flores. Nos flancos do cruceiro e da tumba hai sete corpos graníticos, que mostran formas paralelepípedas e molduras cóncavas e convexas. Teñen unha dobre función: por unha banda serven para delimitar o espazo privado tanto da tumba como do cruceiro; por outra, teñen unha función ornamental. (FOTO Nº 11)

4. CEREIXAL, SAN XOSÉ.

4.1. CRUZ DA IGREXA.

COORDENADAS U.T.M. $X= 648.965$ $Y=4.748.394$.

No cume da igrexa, érguese sobre unha base de forma esférica unha cruz latina, que amosa unha sección circular na intersección de ámbolos dous brazos; así mesmo os extremos do brazo transversal e o extremo superior do brazo lonxitudinal rematan nunha forma de cruz aguzada.

5. CRUZUL, SAN MARTIÑO DE.

5.1. CRUZ MISIONAL.

COORDENADAS U.T.M. $X= 651. 527$ $Y=4.745. 434$.

Trátase dunha cruz misional de madeira, de estrutura latina, e de sección cuadrangular – agás nos extremos - que se encontra no interior da igrexa parroquial, pegada ao muro lateral dereito. Os extremos de ambos os dous brazos están formados en cadanseu lado por unha molduración cóncava – caveto- sobre a que se superpoñen dúas pequenas molduracións convexas, rematando nun pequeno arco apuntado. Así mesmo os ángulos existentes na intersección de ambos os dous brazos, amosan unha ornamentación xeométrica, estrelada, que remata en formas puntiagudas. Amosa moitas semellanzas coa cruz misional de Agüeira, sendo ámbas as dúas do mesmo construtor.

En canto as inscricións tanto do brazo lonxitudinal como do transversal están referidas ao símbolo de Cristo; a data na que se realizou a misión; e, tamén, á orde relixiosa, que celebrou a misión. Así na parte superior do brazo lonxitudinal aparece a inscrición – **INRI**

- . Ao longo do brazo transversal maniféstase a inscrición **SANTA** no brazo dereito; e **MISIÓN** no brazo esquerdo ; ámbas as dúas dun xeito horizontal.

Na parte media do brazo lonxitudinal maniféstase a inscrición **REDENTORISTAS**, dun xeito ovalado. Na parte inferior do brazo lonxitudinal amósase a inscrición **11-V/ 1943 /** dun xeito horizontal e superposto. **(FOTO N° 12)**

Con respecto aos elementos decorativos dos que vai provista distinguimos nos seus brazos os seguintes instrumentos da paixón: no remate do brazo transversal dereito, **unhas tenaces**; no remate do brazo transversal esquerdo, **un martelo**; na intersección dos brazos lonxitudinal e transversal, **unha coroa de espiñas – de cor verde - cun corazón vermello no seu interior**, que leva un pequeno símbolo cruciforme por riba; na parte superior do brazo lonxitudinal, **tres cravos**; na parte media do brazo lonxitudinal, **unha hostia cunha cruz vermella no seu interior e un cáliz** por baixo da hostia; o cáliz está máis separado da hostia que na cruz misional de Agüeira.

6. FONTARON, SANCTI SPIRITUS.

6.1. CRUZ DE FONTARÓN.

COORDENADAS U.T.M. X=651.185 Y= 4.755.189

Dende hai uns cinco anos, preto da igrexa parroquial hai unha cruz de cemento, que substituiu a unha de madeira, xa empodrecida. Está situada na marxe dereita da estrada local (“o antigo camiño da misa”), que conduce á igrexa parroquial e a algúns lugares da comunidade parroquial. **(FOTO N° 13)**

A nivel artístico, é unha cruz latina apoiada nunha base de cantería de forma paralelepípeda. Ten pequenas acanaladuras cruciformes nambolos dous brazos. Está protexida por unha cadea engarzada a catro aparellos de ferro, cravados verticalmente no chan.

O día da festividade da Virxe do Carme, que nesta comunidade celébrase o domingo máis próximo ao 16 de Xullo, o párroco oficia unha misa e posteriormente celébrase unha procesión na que catro fregueses da comunidade portan nas andas a imaxe mariana coa que dan a volta en torno á cruz. Antano, o párroco anterior ao actual (Constantino) celebraba a procesión, houbera festa ou non; nela, saía a advocación mariana acompañada doutras dúas imaxes sacras da parroquia. Na actualidade, só hai procesión se hai festa profana.

6.2. CRUZ DE AQUILINO.

Está situada entre Lago e Fontarón. Trátase dunha cruz de madeira, de estrutura latina, que se colocou debido á morte violenta de Aquilino a mans duns ladróns.

7. GUILFREI, SANTA BAIA

7.1. CRUZ DO CASTRO.

Tratábase dunha cruz de madeira, de estrutura latina, de relevantes proporcións. Na actualidade desapareceu.

8. OUSÓN, SAN ADRIÁN DE

8.1. CRUZ MISIONAL.

COORDENADAS U.T.M. X= 651.770 Y=4.744.098.

Trátase dunha cruz misional de madeira, de estrutura latina, e de sección cuadrangular, – agás nos extremos - que se encontra no interior da igrexa parroquial, adosada ao muro lateral dereito. Os extremos de ámbolos dous brazos están formados en cadanseu lado por unha moldura cóncava – caveto- sobre a que se superpoñen dúas pequenas molduras convexas, rematando nun pequeno arco apuntado. Así mesmo os ángulos existentes na intersección de ámbolos dous brazos, amosan unha ornamentación xeométrica, estrelada, que remata en formas puntiagudas. Amosa moitas semellanzas coa cruz misional de Agüeira, sendo ámbas as dúas do mesmo construtor. **(FOTO Nº 14)**

En canto as inscricións tanto do brazo lonxitudinal como do transversal están referidas ao símbolo de Cristo; a data na que se realizou a misión; e, tamén, á orde relixiosa, que celebrou a misión. Así na parte superior do brazo lonxitudinal aparece a inscrición – **INRI** - . Ao longo do brazo transversal maniféstase a inscrición **SANTA** no brazo dereito; e **MISION** no brazo esquerdo ; ámbas as dúas dun xeito horizontal.

Na parte media do brazo lonxitudinal maniféstase a inscrición **REDENTORISTAS**, dun xeito ovalado. Na parte inferior do brazo lonxitudinal amósase a inscrición **11-V/ 1943 /** dun xeito horizontal e superposto.

Con respecto aos elementos decorativos dos que vai provista distinguimos nos seus brazos os seguintes instrumentos da paixón: no remate do brazo transversal dereito,

unhas tenaces; no remate do brazo transversal esquerdo, *un martelo*; na intersección dos brazos lonxitudinal e transversal, *unha coroa de espiñas – de cor verde - cun corazón vermello no seu interior*, que leva un pequeno símbolo cruciforme por riba; na parte superior do brazo lonxitudinal, *tres cravos*; na parte media do brazo lonxitudinal, *unha hostia cunha cruz vermella no seu interior e un cáliz* por baixo da hostia; o cáliz está máis separado da hostia que na cruz misional de Agueira.

9. PENAMAIOR, SANTA MARÍA.

9.1. CRUZ DA ERMIDA DO SAN LORENZO.

COORDENADAS U.T.M. X= 647.352 Y=4.748.941.

Cruz de madeira, de estrutura latina, de relevantes proporcións, con remates lanceolados en ambos os dous brazos. No mes de Agosto, ofíciase unha misa no exterior desta ermida o domingo máis próximo á festividade do santo. **(FOTO Nº 15)**

9.2. CRUZ DE PENAMAIOR.

COORDENADAS U.T.M. X= 646.493 Y=4.748.921

Hai anos houbo unha cruz de madeira, que por deterioro, foi substituída pola actual, que se encontra preto da igrexa do antigo mosteiro cisterciense. Esta consta dun baseamento, formado por dous chanzos de cachotería, en espiral. Sobre o baseamento érguese unha base paralelepípeda de cantería con algunhas irregularidades. Esta serve de soporte a unha pequena estrutura metálica de dous tramos: o primeiro de forma paralelepípeda con pequenos resaltes; e o segundo de forma prismática cuadrangular. Sobre ela érguese unha cruz de madeira, de forma latina e de sección cuadrangular mais con pequenos biseis nas arestas. **(FOTO Nº 16)**

O investigador da zona, *Xabier Moure* relaciona esta cruz co ritual da Santa Compañía⁸. Tamén hai lugareños que fan referencia ao poder de atracción, que posúe esta cruz con respecto aos raios producidos polas treboadas.

9.3. CRUZ DO “RELICARIO DA SANTA CRUZ”.

COORDENADAS U.T.M. X= 646.175 Y=4.748.159

⁸ Xabier Moure.: patrimoniogalego.net / index.php/ 31692.

A Santa Compañía é unha procesión de fantasmas ou almas en pena que, segundo as lendas tradicionais galegas, percorre de noite fragas e camiños neboentos.

Trátase dunha cruz, latina e de sección cuadrangular, mostrando algunhas das súas partes plateadas e outras en cristal de roca. Os extremos dos brazos rematan en acanaladuras ovaladas e, tamén, en ornatos plateados e xeométricos. Na intersección de ámbolos dous brazos amósase unha pequena superficie paralelepípeda de cristal de roca e coas arestas plateadas, que é o lugar onde se garda a reliquia do *“Lignum crucis”*. O domingo máis próximo ao 3 de Maio, festividade da Santa Cruz, o párroco oficia unha misa, dá a bicar a reliquia, e logo sácana en procesión circunvalando á cruz de madeira. (FOTO Nº 17)

10. QUINTÁ DA CANCELADA, SANTA BAIA

10.1. CRUCES DA IGREXA.

10.1.1. CRUZ MISIONAL.

COORDENADAS U.T.M. X= 655.723 Y=4.756.772

Trátase dunha cruz de madeira, situada no interior da igrexa parroquial, adosada ao muro lateral dereito. Esta manifestación artística apóiase nun baseamento, que está composta de tres chanzos de sección cuadrangular, rematando os seus extremos en formas troncopiramidais. Do baseamento érguese unha cruz, de estrutura latina, que amosa unha sección cuadrangular, en ámbos os dous brazos. Na súa intersección hai a xeito de ornatos incrustacións estreladas e xeométricas, que rematan en formas puntiagudas. Tamén ao longo de ámbolos dous brazos hai elementos decorativos. Así, a parte superior do brazo lonxitudinal mostra *dous cravos e parte doutro*; na intersección de ámbolos dous brazos, maniféstase *un corazón cunha pequena cruz por riba*; no lado dereito do brazo transversal, móstrase *un martelo*; no lado esquerdo do mesmo brazo, *unhas tenaces*; na parte media do brazo lonxitudinal, amósase *un cáliz*; na parte inferior do mesmo brazo, *a columna da flaxelación*; finalmente na parte media do brazo lonxitudinal maniféstanse dous paus longos entrecruzados – *a xeito de lanzas*- que se estenden de cara aos extremos do brazo transversal: un, rematando nunha forma triangular; e outro, nunha forma cuadrangular irregular, que simboliza a unha esponxa. En canto a inscricións unicamente encontramos nos chanzos da plataforma a seguinte: *“MISION / DE 11 DE SEPTIEMBRE / DE 1923/”*. (FOTO Nº 18)

10.1.2. CRUZ DA “PÍA DE AUGA BENDITA”.

No interior da igrexa parroquial e presidindo a pía de agua bendita hai unha cruz de mármore, de estrutura latina. Os extremos dos seus brazos son propios dunha cruz treboada. **(FOTO Nº 19)**

10.2. CRUZ DO PENELO.

Ao carón do camiño entre os lugares de *Couso e Coto* hai unha cruz de madeira, de estrutura latina, e de considerables proporcións, que na actualidade está deteriorada e derrubada no chan. Foi construída na honra dun home, que foi asasinado con motivo da guerra civil do 36. **(FOTO Nº 20)**

10.3. CRUCES DESAPARECIDAS.

En *Quintá da Cancelada*, houbo cruces de madeira, de considerables proporcións, que foron desaparecendo pola ampliación das estradas e, tamén, debido aos incendios. Así, houbo unha no “*Camiño de Buixán*”, colocada pola morte dun represaliado na guerra civil. Outra, no “*Camiño de Castel de María*”, posta por morte natural.

11. TORTES, SAN PEDRO DE

Nesta parroquia encontramos tres manifestacións artísticas no “lugar de Eixibrón”.

11.1. O CRUCEIRO DE EIXIBRÓN.

COORDENADAS U.T.M. X= 648.632 Y=4.743.869

Está situado preto da igrexa parroquial de Tortes e ao carón da estrada local, que conduce á igrexa (“o camiño da igrexa”). A súa orientación é Sw-Ne.

Esta expresión artística consta dos seguintes elementos nunha orde ascendente:

Unha base monolítica, granítica, composta nunha orde descendente de catro tramos: o primeiro, paralelepípedo reforzado por unha estrutura metálica; séguelle un tramo de molduración cóncava-convexa, a xeito de “gola”; finalmente dúas superficies paralelepípedas de carácter irregular unidas por unha pequena moldura cóncava; ámbas as dúas superficies amosan nalgúnhas das súas arestas certa tendencia a convexidade propia da súa irregularidade. **(FOTO Nº 21)**

Un fuste monolítico, de sección cuadrangular, na parte inferior con relevantes acanaladuras cuadrangulares nas catro caras; o resto do fuste amosa unha sección oitavada. Logo, hai unha moldura anular, chamada colariño, que separa o fuste do capitel.

O capitel de estrutura troncopiramidal invertida mostra unha influencia corintia reflectida na ornamentación, que presenta a base de volutas e follas de acanto. A parte superior amosa unha pequena moldura sinuosa cimacio.

Como remate, unha cruz latina de sección cuadrangular nos extremos e de sección oitavada no resto con algúns acanalamentos; os extremos dos brazos son propio dunha cruz florenzada. No anverso, baixo unha cartela coa inscrición INRI, hai unha efíxie de Cristo, que amosa unha coroa de espiñas na cabeza, que inclina ao lado dereito; as costelas están resaltadas; as mans pechadas; o pano de pureza colocado ao lado dereito; e o pé dereito sobre o esquerdo e ámbos os dous sobre un supedáneo. A efíxie mostra un deficiente estado de conservación. **(FOTO Nº 22)**. No reverso, imaxe da Virxe provista dunha túnica e manto maniféstase nunha actitude orante sobre un supedáneo. A cabeza da imaxe mariana desapareceu mais logo apareceu na sancristía, de onde volveu a desaparecer. A este cruceiro aluden Elías Valiña Sampedro⁹ e Xabier Moure¹⁰.

11.2. RESTOS DUN VÍA CRUCIS.

COORDENADAS U.T.M. X= 648.644 Y=4.743.899.

O Via crucis estaba colocado por riba do muro, que separa o adro da igrexa do exterior. Na actualidade consérvanse dúas cruces en bo estado; unha fragmentada no brazo lonxitudinal mais de pé; e a outra deteriorada no brazo lonxitudinal e no brazo horizontal, tirada nunha silveira. **(FOTO Nº 23)**

As cruces, que se conservan, son latinas, con sección cuadrangular nos extremos e oitavada no resto; os extremos dos brazos son propios dunha cruz potenziada.

11.3. CRUZ MISIONAL.

COORDENADAS U.T.M. X= 648.645 Y=4.743.900.

Está apoiada no muro lateral dereito da igrexa parroquial. Trátase dunha cruz latina, de madeira. Os extremos dos brazo horizontal e o extremo superior do brazo vertical,

⁹ “Cerca de la iglesia un cruceiro con capitel de hojas en tres órdenes, Cristo y la Dolorosa”. Inventario Artístico de Lugo y su provincia, Madrid: Ministerio de Cultura, Servicio de Publicacións, t.VI, 1983, páx.146.

¹⁰ Patrimonio galego net. Cruceiro de Eixibrón. 5-2-2013.

rematan nunha combinación de molduras: cóncava (cuarto caveto), convexa (cuarto bocel), e convexa (medio bocel). O extremo inferior do brazo lonxitudinal remata nunha orde decrecente nun dobre tramo: trátase da combinación dunha pequena moldura cóncava con outra convexa, que teñen como sostén unha superficie paralelepípeda.

Ao longo do brazo transversal maniféstase a seguinte inscrición: **(FOTO N° 24)**

***“RECUERDO de la santa MISION
POR LOS P.P. FRANCISCANOS”***

No brazo vertical amósase a seguinte inscrición:

***“AÑO 1961
Y DE LOS P.P. JESUITAS***

AÑO 1.9-- . Segundo testemuñas dalgúns veciños e do párroco, esta segunda misión ofreceuna un veciño da parroquia a finais dos trinta ou comezos dos corenta do século pasado.

Na parte superior do brazo vertical móstrase a inscrición ***“JHS”*** no interior dun círculo.

12. VILACHÁ, SAN PEDRO DE.

12.1. CRUZ MISIONAL.

COORDENADAS U.T.M. X= 656.635 Y=4.749.507

Por riba do arco do presbiterio hai unha cruz misional de madeira, de estrutura latina, e de sección cuadrangular; os extremos dos seus brazos son propios dunha cruz treboada. Así mesmo na intersección de ámbolos dous brazos maniféstase unha superficie paralelepípeda coas arestas superiores e inferiores rebaixadas. En canto ás inscricións, móstranse en ámbolos dous brazos. Así, na parte superior do brazo lonxitudinal amósase en horizontal a inscrición ***JHS***; na parte media e inferior deste mesmo brazo maniféstase nun sentido vertical a data, a saber ***ANO DE LA VICTORIA. 1939 (data ilexible)***; finalmente ao longo do brazo transversal reflíctese en sentido horizontal a inscrición ***MISION FRANCISCANA.*** **(FOTO N° 25)**

12.2. CRUZ DESAPARECIDA.

Antano, o xoves de Corpus celebrábase logo da misa unha procesión, que daba a volta a unha cruz de madeira, situada preto da igrexa. Esta desapareceu por empodrecemento

hai uns trinta anos aproximadamente. Tamén, se circunvalaba a mesma cando había procesións de rogativas.

13. VILAMANE, SANTA MARÍA.

13.1. CRUZ DA IGREXA.

COORDENADAS U.T.M. X= 653.967 Y=4.753.231

Nun pórtico situado no muro lateral dereito da igrexa hai unha cruz de madeira, de estrutura latina. Os extremos de ámbos os dous brazos son de forma troncopiramidal. Na súa unión hai unha placa de madeira, de superficie cuadrangular mais con biseis nos seus extremos. No seu interior amósase a seguinte inscrición: **(FOTO Nº 26)**

“A la memoria de / Florentina Santiso Álvarez / fallecida el 6 Enero de 1911 / José Álvarez Trabado / Carmen Álvarez Trabado / D.E.P. /”.

Na parte superior da plaza mostrase un pequeno ramos de flores artificiais. Así mesmo, ao carón desta cruz hai un soneto adicado ao Cristo crucificado.

*“No me mueve, mi Dios, para quererte
el cielo que me tienes prometido,
ni me mueve el infierno tan temido
para dejar por eso de ofenderte.*

*Tú me mueves, Señor; muéveme el verte
clavado en una cruz y escarnecido
muéveme ver tu cuerpo tan herido
muévenme tus afrentas y tu muerte.*

*Muéveme, en fin, tu amor, y en tal manera
que aunque no hubiera cielo, yo te amare
y aunque no hubiera infierno te temiera.*

*No me tienes que dar porque te quiera;
pues aunque lo que espero no esperare
lo mismo que te quiero te quisiera ”*

14. VILOUTA, SANTA MARINÁ.

14.1. VIACRUCIS INTERIOR.

Trátase dunha ofrenda realizada por un veciño desta comunidade , que un bo día deixou na parte inferior da porta lateral esquerda da igrexa 14 cruces de ferro, pra que o párroco ao chegar as colocase no seu interior. Esta doazón levouse a cabo hai uns trinta anos. Son

cruces de ferro, de estrutura latina, con resaltes dourados en ámbolos dous brazos, e con motivos xeométricos de carácter moldurado na súa parte exterior. **(FOTO Nº 27)**

III. CONCLUSIÓNS.

A modo de resumo cómpre mencionar como neste concello o patrimonio existente en cruceiros é moi pobre, xa que só encontramos catro cruceiros. O de San Pedro de Tortes, de carácter público; de finais do século XIX; e necesita unha urxente restauración. Os dous que hai no lugar de Horta (San Xoán de Agueira); son privados; do último tercio do século XX; e están ben conservados. Finalmente, o do cemiterio de Becerreá; é privado, pertence á familia Rosón; do último tercio do século XX.

Con respecto ás cruces, sinalamos varias cruces misionais, restos dalgún vía crucis, e dúas cruces ordinarias: unha de madeira e a outra de pedra. As cruces misionais, emprazadas no interior das igrexas - casos das freguesías de Agueira, Cruzul, Oselle, Quintá da Cancelada, e Vilachá - son artesanais e amosan unha relevante información sobre as misións, levadas a cabo nos seis primeiros lustros do século XX; están ben conservadas agás a do interior da freguesía de A Quintá da Cancelada – a máis antiga de todas- que necesita unha pronta restauración. En canto ás cruces misionais de índole externa, como a do San Pedro de Tortes, tamén necesita unha rápida restauración. Ademais hai cruces de carácter ordinario, que cumpren a súa función esencial: o de ser importantes elementos de cristianización, reflectida por unha banda no intre de “bicar a reliquia” – caso do relicario de Penamaior- , e por outra, no momento no que son circunvaladas pola procesión, que sae na festividade central do recinto sacro- casos da de Garalla, Fontaron, e Penamaior- . Finalmente, hai unha cruz – a de Vilamane- que ten un sentido funerario en canto que reflicte a lembranza a unha finada; e un víacrucis – o de Vilouta- que é a manifestación da doazón dun membro da comunidade.

IV. BIBLIOGRAFÍA

ARRIBAS ARIAS, Fernando, BLANCO PRADO, J.M., e SAAVEDRA PÉREZ, Mario.: ***Cruceiros do Concello de Vilalba***, Vilalba (Lugo): I.E.S.CH. 2011.

ÁLVAREZ CAO, Charo.: “Becerreá”, en ***Galicia, pueblo a pueblo***. A Voz de Galicia. A Coruña, 1993

BLANCO PRADO, José Manuel e MUÑOZ BESTEIRO, Manuel.: ***Cruceiros, Cristos, Cruces de peder, e Esmoleiros do Concello de Guntín de Pallares (Lugo)***. VIII Congreso Galego de Cruceiros. Museo de San Paio de Narla (Friol) (Lugo). 2016-

EQUIPO “IR INDO”.: ***Galicia en Comarcas. Os Ancares e O Courel***, Vigo: Ed. Ir Indo

INVENTARIO ARTÍSTICO DE LUGO Y SU PROVINCIA, Madrid: Ministerio de Cultura, Servicio de Publicacións. T.VI.

MUÑOZ, Manuel.: ***Itinerarios polo Concello de Castroverde***, Lugo: Amigos do Patrimonio de Castroverde, 2011.

FIGUEROA PAZ, Antonio V.: ***Experto en Sistemas de Información Xeográfica (SIX)***.

RODRÍGUEZ CASTELAO, A.: ***As cruces de pedra na Galiza***, Madrid: Akal, 1975 (Ed. Facsimil).

V. ILUSTRACIONES.



FOTO N° 1. CRUZ MISIONAL DE AGÚEIRA.



FOTO N° 2. CRUZ MISIONAL DE AGÜEIRA



FOTO Nº 3. CRUCEIRO DA PRAZA DA HORTA.



FOTO Nº 4. DETALLE DO CRUCEIRO DA PRAZA DA HORTA.



FOTO Nº 5. CRUCEIRO DO INTERIOR DO “PAZO DA HORTA”



***FOTO Nº 6. DETALLE DO CRUCEIRO DO INTERIOR
DO “PAZO DA HORTA”.***



FOTO N° 7. CRUZ MISIONAL DE ARMESTO.



FOTO Nº 8. CRUZ DO CEMITERIO




FOTO Nº 9. CRUCEIRO DO CEMITERIO



FOTO Nº 10. DETALLE DO REVERSO DA CRUZ



FOTO Nº 11. DETALLE DO ANVERSO DA CRUZ.



FOTO N° 12. CRUZ MISIONAL DE CRUZUL.



FOTO Nº13. CRUZ DE FONTARÓN.



FOTO N° 14. CRUZ MISIONAL DE OUSÓN.



FOTO Nº 15. CRUZ DA ERMIDA DO SAN LORENZO



FOTO Nº 16. CRUZ DE PENAMAIOR.



FOTO Nº 17. CRUZ DO RELICARIO DA SANTA CRUZ.



FOTO N° 18. CRUZ MISIONAL DE QUINTÁ DA CANCELADA.



FOTO Nº 19. CRUZ DA PÍA DE AUGA BENDITA.



FOTO Nº 20. CRUZ DO PENELO



FOTO Nº 21. CRUZ DE EIXIBRÓN



FOTO Nº 22. DETALLE DO CRUCEIRO DE EIXIBRÓN



FOTO Nº 23. RESTOS DO VIACRUCIS



FOTO N° 24. CRUZ MISIONAL



FOTO N° 25. CRUZ MISIONAL



FOTO Nº 26. CRUZ DE LEMBRANZA



FOTO N° 27. CRUZ DUN VIACRUCIS